

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de novembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO PRIMEIRO. SELECCIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA E APROBACIÓN DO CONVENIO PARA ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS E A HOSTALARÍA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DOS BONOS CONSUMA. EXPEDIENTE GD 14045/2023

A Xunta de Goberno Local do 30.12.2020 aprobou a primeira fase da campaña de tarxetas bono Reactiva Ames por un valor de 89.0000 € e que comezou en febreiro de 2021, expediente GD 7354/2022.

Froito da elevada aceptación desta primeira campaña, prolongouse unha segunda campaña para o mes de setembro dentro do mesmo programa Reactiva Ames, por un valor de 100.000 euros que foi aprobada a Xunta de Goberno Local do 09.09.2021, expediente GD 7354/2022.

O 30.12.2021 a Xunta de Goberno Local aprobou unha nova campaña de tarxetas bono, denominada Ames Progres, por un valor de 80.000 euros, expediente GD 13796/2021.

Todas estas campañas foron desenvolvidas polo Concello de Ames con tarxetas facilitadas pola entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. sendo distribuídas un total de 5.800 tarxetas de recarga.

Neste ano o Concello de Ames ven desenvolvendo unha serie de obras de adaptabilidade pertencentes a Améndoa Central e o programa EDUSI, que influíron durante meses na actividade económica e no comportamento dos/das consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e de hostalaría.

*Por outra parte, a hostalaría e o comercio tradicional atópanse nun proceso de cambio debido a modificacións substanciais no modelo de consumo e a un proceso de inflación que provoca un aumento nos prezos. O Concello de Ames consciente da necesidade dunha recuperación económica e da necesidade de que os establecementos de rúa recuperen o seu pulo considera oportuno poñer en marcha a campaña **BONOS CONSUMA**, a través da axuda aos potenciais consumidores/as para a adquisición de bonos de compra para investir no sector comercial e de hostalaría de Ames, co obxecto de fomentar o consumo local e dinamizar a contorna urbana. Para o bo desenvolvemento resulta necesario seleccionar unha entidade colaboradora e asinar o correspondente convenio.*

Figura no expediente informe proposta asinado conxuntamente polo Axente de emprego e desenvolvemento local, Jorge Couñago Castro, e a concelleira de promoción económica, Ana Belén Paz García.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
17/11/2023 DCAFO8587B6280B37A145073275F726E60DDDB4CA
17/11/2023 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D0905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2585C6451D459DE488D

Figura no expediente informe conxunto da Secretaría e Intervención municipal (informe 616/2023 do 16.11.2023)

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023, BOP nº 120 do 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Seleccionar a entidade Abanca Corporación Bancaria S.A con CIF A70302039 como entidade colaborada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retailistas e a hostalaría do Concello de Ames a través dos bonos CONSUMA.

Segundo. Aprobar o convenio no que se fixan as obrigas da colaboración e as compensacións económicas e cuxo texto figura como anexo a este acordo.

Terceiro. Autorizar e dispoñer o crédito por importe de 18.101,60 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.48000 do vixente orzamento municipal. A autorización e disposición realízase con cargo as seguintes anualidades:

Anualidade 2023: 9.050,80 euros (50%)

Anualidade 2024: 9.050,80 euros (50%)

Tendo en conta que o gasto é de carácter plurianual o gasto queda supeditado para a anualidade 2024 a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024.

Cuarto. Notificar o presente acordo á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A.

Quinto. Publicar o convenio seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa remisión ao BOP. O convenio publicárase integramente na páxina web do Concello de Ames, así como no Portal de Transparencia.

Sexto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para a sinatura do convenio e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., PARA A ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS E A HOSTALARÍA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DOS BONOS CONSUMA.

Primeira. Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que van ser convocadas no marco do programa **BONOS CONSUMA** para fortalecer o sector comercial retailista e de hostalaría do Concello de Ames, estimulando a demanda das persoas consumidoras, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 38/2023, de 17 de novembro.

Os beneficiarios dos **BONOS CONSUMA** serán aquelas persoas físicas que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria de axudas.

Segunda. Entidade colaboradora

Abanca Corporación Bancaria S.A., con domicilio social en Calle Cantón Claudino Pita Nº2, Betanzos-A Coruña e con CIF: - A70302039 é unha entidade colaboradora con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, está validamente constituída e posúe experiencia demostrada na distribución e xestión de este tipo de campañas en diferentes administracións da comunidade autónoma de Galicia.

Terceira. Normativa reguladora das subvencións.

As subvencións que van ser xestionadas pola entidade colaboradora rexeranse pola convocatoria de axudas **BONOS CONSUMA**, aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Cuarta. Prazo de duración

Este convenio de colaboración entrará en vigor dende o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 31 de marzo de 2024.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por mutuo acordo a súa modificación e a súa prórroga por un período que non excederá do 31 de marzo de 2023, sendo conforme dita prórroga aos prazos máximos establecidos no artigo 16.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Quinta. Medidas de garantía.

Non se prevé a achega de garantías por parte da entidade colaboradora.

Sexta. Obrigas da entidade colaboradora

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 12 e 13 da Lei 38/2023, de 17 de novembro, obrígase ao seguinte:

1. Entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas máis idóneas para a posta en marcha, a eficaz execución e o seguimento do programa de tal forma que permita ter un seguimento, control e trazabilidade da emisión dos bonos o seu troco nos establecementos adheridos e o pagamento destes, de acordo coas previsións establecidas na cláusula novena.

2. Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento operativo antes da entrada en vigor da orde de convocatoria do programa.

3. Utilizar a imaxe do programa definida polo Concello de Ames en todos os soportes físicos e dixitais.

4. Pór á disposición do Concello de Ames os seguintes informes:

- Persoas usuarias dadas de alta no programa.
- Comercios dados de alta no programa.
- Número de bonos descargados (localidade, provincia).

5. Ser a depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuír os fondos públicos aos establecementos adheridos ao programa, sen ningún custo ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal.

Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.

6. Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, se é o caso, coas instrucións específicas dadas polo Concello de Ames.

7. Informar do saldo dispoñible dos bonos unha vez alcanzada a súa data de caducidade ou ao fin do programa coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso, ao Concello de Ames.

8. Comunicar ao Concello de Ames, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencias de aboamento realizadas, cunha periodicidade semanal.

9. Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados na Lei 38/2023, de 17 de novembro

10. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e as demais disposicións vixentes sobre a materia.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira, e non poderán utilizalas para ningún fin distinto da propia Administración e xestión dos bonos.

11. Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

12. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración local, autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

13. Cumprir cos requisitos e obrigas establecidas na Lei 38/2023, de 17 de novembro, particularmente, nos seus artigos 12 e seguintes, así como no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétima. Obrigas do Concello de Ames.

O Concello de Ames comprométese a:

1. Librar o crédito necesario para realizar o pagamento dos bonos trocados dentro do período subvencionable establecido na correspondente orde de convocatoria do programa.
2. Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
17/11/2023 DCAFO8587B6280B37A145073275F726E60DB4CA
17/11/2023 0FD2C3776C7B204298B5CEEED0905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2585C6451D459DE488D

3. Facilitar o contido das declaracións das altas dos comercios e das persoas usuarias, así como das autorizacións expresas en materia de protección de datos, nos termos que se establezan na orde de convocatoria do programa e neste convenio.

4. Autorizar as liquidacións con carácter previo á súa transferencia.

Oitava. Compensación económica.

Os gastos da convocatoria **BONOS CONSUMA**, ascenden a 61.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 4314.48000, do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Os fondos libranse nun único pagamento o día de inicio da campaña na conta da entidade colaboradora que procederá á apertura dunha conta bancaria finalista destinataria dos fondos que permita o seu seguimento, así como a verificación das axudas outorgadas.

En ningún caso os fondos recibidos nin os intereses que no seu caso produzan consideraranse integrantes do seu patrimonio.

A entidade colaboradora percibirá a cantidade de 18.101,60 €, euros en concepto de compensación económica polas funcións de apoio á xestión, con cargo a aplicación orzamentaria 4314.48000 do orzamento do Concello de Ames.

O libramento da compensación producirase mediante dous pagos, sen que sexa necesaria a constitución de garantía.

O primeiro pago, do 50% o inicio de campaña, coa posta en funcionamento da aplicación informática.

Un segundo pago do 50% unha vez finalizada a campaña e presentada a documentación xustificativa da mesma e en todo caso antes do 31 de marzo de 2024.

Este gasto imputarase aos orzamentos dos exercicios 2023 e 2024, con arranxo á seguinte distribución por anualidades: 9.050,80 euros en 2023 e 9.050,80 euros en 2024. As obrigacións financeiras derivadas desta colaboración quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio correspondente.

O pagamento das compensacións económica farase á entidade financeira colaboradora, na conta bancaria designada pola mesma.

Novena. Operativa da xestión das axudas

A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas para dar de alta as persoas usuarias dos **BONOS CONSUMA**, identificando respecto de cada unha delas a información que se estableza na orde de convocatoria do programa e, en todo caso, a seguinte:

- Nome e apelidos.
- Maioría de idade.
- DNI/NIE.
- Localidade de residencia (código postal).
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.

Habilitación da solución técnica para a descarga dixital dos bonos por parte das persoas usuarias.

Cada persoa usuaria disporá dos bonos que se establezan na orde de convocatoria do programa, que poderán ser usados nun ou varios dos establecementos adheridos ao programa. A súa aplicación será efectuada polos propios establecementos, habilitando para tal efecto a entidade colaboradora os mecanismos e canles necesarios.

Cada bono terá o valor determinado na orde de convocatoria do programa. O dito importe irase reducindo en función do valor da compra de acordo cos criterios establecidos na citada orde.

O período de validez dos bonos será o establecido na orde de convocatoria do programa.

O uso da aplicación e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable, as persoas usuarias deberán manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpren cos requisitos establecidos na orde correspondente e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na orde de convocatoria do programa e neste convenio.

O prazo para que os comercios detallistas interesados en adherirse ao programa **BONOS CONSUMA** se dean de alta na aplicación tecnolóxica habilitada para tal efecto pola entidade colaboradora comezará partir do 23 de novembro de 2023 e finalizará o 08 de decembro de 2023 incluído.

Na alta dos comercios deberá quedar constancia da información que se estableza na orde de convocatoria do programa e, en todo caso, a seguinte:

- Nome e apelidos/razón social.
- Domicilio fiscal en Ames.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI/NIE da persoa representante.

- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial .

A alta e o uso da aplicación polas persoas comerciantes suporá a aceptación das condicións e obrigas do programa e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

Para estes efectos, as persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados.

A entidade colaboradora habilitará o sistema de funcionamento e troco dos bonos de tal forma que quede rexistrado o importe e o concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado.

A entidade colaboradora deberá entregar e distribuír aos comercios, na conta bancaria indicada para tal efecto, o importe dos bonos trocados.

Para dar cumprimento ao disposto na cláusula oitava, o Concello de Ames depositará os fondos públicos destinados ao programa **BONOS CONSUMA** (61.000,00 euros) na conta bancaria da entidade financeira colaboradora: ES98 2080 7208 3185 3000 0494 . O depósito farase co concepto de «pagamento programa **BONOS CONSUMA**».

Décima. Protección de datos

1.- Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que o Concello de Ames ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercer outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPd) mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.

En canto aos datos persoais sobre os que Abanca Corporación Bancaria S.A., ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPd a través de privacidad@abanca.com

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co RXPd, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPdGDD), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

2. Deber de confidencialidade

As partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do programa "**BONOS CONSUMA**", salvo que a comunicación derive dunha obriga legal ou mandato xudicial.

3.- Condición de encargada do tratamento

A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos **BONOS CONSUMA** segundo as directrices establecidas polo Concello de Ames, garantindo expresamente respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- a) Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- b) Que non os comunicará a terceiras persoas.
- c) Que gardará o segredo profesional respecto destes.

d) Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigacións anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen as obrigas que se citarán como condición de encargado do tratamento.

Décimo primeira. Encargo do tratamento

O Concello de Ames ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargado do tratamento, comprometéndose a entidade colaboradora ás seguintes condicións:

1. Tratar en nome e por conta do Concello de Ames os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos **BONOS CONSUMA**. A tipoloxía de datos tratados e os colectivos de interesados serán unicamente os necesarios para levar a cabo a colaboración establecida no Convenio de acordo co establecido nas Bases reguladoras e Convocatoria para a concesión de axudas a reactivación económica do comercio e da hostalería do Concello de Ames a través dos **BONOS CONSUMA**. Con carácter enunciativo pero non limitativo, faise constar que as categorías de datos que se tratarán pola entidade financeira colaboradora son: Datos de carácter identificativo e Datos de contacto. Asemade, os colectivos de interesados correspóndense cos Solicitantes dos **BONOS CONSUMA**. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.

2. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto desta encarga. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios e será considerado neste suposto como responsable do tratamento.

3. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente o responsable.

4. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPd, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

6. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente contrato, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que serán informados convenientemente. O encargado manterá á disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.

8. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

9. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigación de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, por requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaráos a través de calquera medio fidedigno de que os interesados poderán exercer os seus dereitos mediante solicitude por escrito presentado no rexistro municipal do Concello, por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común ou accedendo á páxina web <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

10. No caso de que o convenio preveña a recollida de datos directamente polo adxudicatario, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información deberase acordar co responsable do tratamento e dará cumprimento en todo caso ás exixencias previstas no RXPd e a LOPDGD.

11. Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, a Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPd.

12. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

13. Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantaranse as medidas de seguridade necesarias para:

13.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

13.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidencia física ou técnica.

13.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

13.4. Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

14. Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas e en particular, facilitará os certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por aquel.

En todo caso, as auditorías ou inspeccións serán efectuadas previa notificación á entidade financeira colaboradora cunha antelación de quince (15) días laborables. Cando o responsable do tratamento subcontrate a auditoría ou inspección cun terceiro, tal designación deberá ser comunicada á entidade financeira colaboradora, quen validará ó terceiro os efectos de confirmar que non ten interese de negocio no sector propio de aquela e previa firma dun acordo de confidencialidade aceptable.

O responsable do tratamento unicamente poderá levar unha (1) auditoría ó ano, como máximo, salvo nos seguintes supostos: (i) cando existan evidencias razoables de incumprimento de calquera das obrigas establecidas no presente convenio por parte da entidade financeira colaboradora; (ii) cando a auditoría fose necesaria para dar cumprimento a un requirimento efectuado pola autoridade de control ou organismos reguladores no exercicio das súas competencias; e (iii) cando a auditoría teña por finalidade comprobar a subsanación por parte da entidade financeira colaboradora dun incumprimento detectado con anterioridade en relación coa execución do obxecto do presente convenio.

O responsable do tratamento levará a cabo as auditorías durante o horario normal de oficina das partes e tratará de causar a menor inxerencia posible sobre a actividade habitual da entidade financeira colaboradora.

As auditorías ou inspeccións promovidas polo responsable do tratamento non poderán supoñer un custo adicional e extraordinario para a entidade financeira colaboradora. No caso de que así sexa, o responsable do tratamento farase cargo do custo, previa xustificación debida, acreditada e suficiente do importe do citado custo e do seu carácter adicional e extraordinario.

Toda a información que se obteña derivada das auditorías e inspeccións, será tratada como información confidencial da entidade financeira colaboradora.

15. Designar un delegado de protección de datos, se corresponde segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPD-GDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD. A estes efectos, faise constar que a entidade financeira colaboradora conta cun delegado de protección de datos formalmente designado, D. Roberto Baratta Martínez, co que o responsable do tratamento pode poñerse en contacto no seguinte enderezo electrónico: privacidad@abanca.com.

16. Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

17. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste convenio que comporten o tratamento de datos persoais, fóra daqueles servizos auxiliares que resulten necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado do tratamento ou aqueles que resulten precisos para alcanzar o bo fin do presente convenio. Neste caso, as entidades subcontratistas terán tamén a condición de encargados do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigas establecidas neste convenio para esta figura e as instrucións que dite o responsable do tratamento. Corresponderá á entidade bancaria colaboradora regular a nova relación de forma que o novo encargado do tratamento quede suxeito ás mesmas instrucións e/ou equivalentes condicións (obrigas, medidas de seguridade, etc.) e cos mesmos ou semellantes requisitos formais co encargado do tratamento, no referente o adecuado tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos das persoas afectadas.

O encargado do tratamento tamén estará obrigado a comunicarlle calquera modificación ao responsable do tratamento na incorporación ou substitución doutros subencargados, dándolle así ao responsable do tratamento a posibilidade de opoñerse aos ditos cambios.

Décimo segunda. Seguimento do convenio.

Co obxecto de realizar un seguimento e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto do presente convenio, constitúese unha comisión de seguimento, integrada por un representante de cada unha das partes. A comisión de seguimento reunirse polo, a iniciativa de calquera das partes, das que se levantará unha acta na que constará as conclusións ou acordos alcanzados. As reunións poderán celebrarse presencialmente ou a través de medios electrónicos.

Décimo terceira. Interpretación do convenio

As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas polo Concello de Ames, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditiu a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o dito acto fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o/a solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. Resolución do convenio

Son causas de resolución deste convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes de axudas en curso.

4. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente. Para os efectos do reintegro das subvencións haberá que aterse ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

Décimo quinta. Xustificación e inspección

O Concello de Ames, como responsable do programa, resérvase o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa subvencional. No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello de Ames poderá cancelar a adhesión destes ao programa **BONOS CONSUMA**, e comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos.

Os establecementos adheridos están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e os restantes órganos de control no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

Décimo sexta. Natureza administrativa

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e réxese polo establecido nos artigos 47 e seguintes do capítulo VI, do título preliminar da Lei 40/2015, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidese presentar.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Décimo sétima. Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste convenio de colaboración observárase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; así como nas restantes normas xerais de dereito administrativo.

E en proba da conformidade cos termos deste convenio de colaboración, as partes asinano e rubricano no lugar e data indicados na cabeceira.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 17.11.2023, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
17/11/2023 DCAFO8587B6280B37A145073275F726E60DB4CA
17/11/2023 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D0905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2585C6451D459DE488D